

Berrou

Raúl Monteavaro García

Berrou.

Un allarido desesperado y escuro. Y empezou a buscalla, y empezou a correr. Alentaba cuas aletas da nariz mui abertas, como querendo tomar todo el aire del mundo. Os sous queiros rellumaban como dúas estrelas cayidas y cos oídos arrampanaba a luz del alma das cousas. Abandonao al salvaxe prazer de nun pensar pa poder sentir. Quizabes é así como cazan os lobos. Ou quizabes non, ¿quién pode sabello? Corréu días, corréu meses, corréu anos. Xelouse nas llarguísimas noites dos países del norte, ardéu nas arenas das terras del sur y foi arrastrao pola escarabana nas infinitas estepas del este. Pero nun foi lonxe da súa terra unde, al fin, esculpidas na neve, atopou as súas pisuadas. Y chorou sin deixar de correr, sin mochicar os oídos, regayaos y tollos. Y entoncias, víula mesmo en meta d'un chao, un chao raro núa terra sin chao. Sólo Ella: Ella y a neve. Ella decíndoye que se detuvese, y El correndo inda más depresa, achegándose más y más. Y entoncias, condo taba a un metro d'Ella, pousou por fin, y sentiuse estraño despós de tanto tempo sin deixar de correr. Ella amostróuyel un cuitello. Na foya tía grabadas sete letras: "Querote". A empunadura taba tayada na madera del árbol da mentira. Pero El nun tuvo medo y intentou chuchalla. Ella deu úa pasuada atrás y chantóuyel el cuitello nel peto. Cravou a mirada ús segundos nel corpo que cayía a os sous pés, y despós deu volta y marchou. Guapísima, arrufada, cruel y fascinante, sin mirar atrás. Y a mayoría da xente dice qu'El moría allí mesmo y qu'a súa sangre teñiu a neve del color del olvido. Pero hai dellos, us poucos, que dicen que nun moriu. Qu'a llúa apiadóuse d'El, y arrincóuyel el cuitello y tapou a mancadura. Qu'as estrelas lo arrouparon col miyor cobertor que poderon texer. Y así, de pouco y a pouco, foi espexigando hasta que, pasaos varios invernos, sentiuse con forzas pa erguerse. Y pedíuyel a llúa el nome d'outra muyer. Y a llúa deuyl, feliz de vello outra vez en pé, outra vez devecendo pola vida. Y El volvéu a berrar. Un allarido de recordos, rabia y esperanza. Y empezou a buscalla, y empezou a correr. Y hai quen dice que la atopou. Pero esa xa é outra hestoria...

Que mouro el cielo del sur,
que mouro el sur del mar.
Pero cómo rélluma a llúa
condo che peta na ventá,
apagándoche a noite
y encendendo a señardá.